



## ANUNCIO

### Asunto: LISTA DE CANDIDATAS E CONTRATACIÓN EDUCADORA SOCIAL

Mediante Resolución da Alcaldía núm.1518/2025, de data 09/12/2025 resolveuse:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte lista de persoas aprobadas conforme á proposta do tribunal cualificador feita na acta do 28/11/2025:

| Núm | APELIDOS E NOME                | PUNTUACIÓN |
|-----|--------------------------------|------------|
| 1   | FERNÁNDEZ CARBALLEIRA CRISTINA | 1          |

### Listaxe de agarda

| Núm | APELIDOS E NOME      | TOTAL |
|-----|----------------------|-------|
| 1   | GÓMEZ CARTAMIL SOFÍA | 0     |

**SEGUNDO.-** Contratar a Cristina Fernández Carballeira como persoal laboral temporal do Concello de Fene como Educadora Social, para a realización da obra ou servizo denominado “Educadora Social”, durante 9 meses a xornada completa, baixo a modalidade de contrato de traballo temporal de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (código de contrato 406).

**TERCEIRO.-** Requirir a Cristina Fernández Carballeira para que proceda a formalizar o seu contrato no prazo improrrogable de tres días naturais, contados a partires da publicación da resolución aprobatoria da contratación no taboleiro de anuncios municipal, debendo achegar con carácter previo a seguinte documentación:

- Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un Colexiado en exercicio de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes ao posto de Educadora Social.
- Copia da tarxeta sanitaria.
- Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.
- Declaración responsable de non ter sido separado/a ou despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais ou órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de emprego ou cargo público por resolución xudicial.
- Declaración responsable de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa contratación.

Se no prazo indicado á aspirante non presenta a documentación requirida ou o resultado do recoñecemento médico fose “non apto”, procederase a requirir á seguinte aspirante por orde de puntuación.

O Concello de Fene poderá verificar de oficio, sen prexuízo da declaración aportada pola persoa candidata, o cumprimento dos requisitos esixidos.

Si se constatar que a persoa candidata non reúne os requisitos esixidos na convocatoria decaerá en todo dereito a súa contratación sen prexuízo de poder esixirse as responsabilidades pola falsidade na documentación aportada.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada está obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometidas a un

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tlfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE



período de proba de 15 días, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e estará suxeita a lexislación laboral pertinente.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da presente resolución á intervención municipal e ao departamento de persoal para que proceda a realizar os trámites necesarios para a formalización dos correspondentes contratos e altas na Seguridade Social.

**CUARTO.-** Notificarlle a presente resolución á persoa interesada indicándolle que fronte a esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderáse desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015) A tal efecto, poderáse interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

**QUINTO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.